

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI
CURSO: SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: RELIXIÓN EVANXÉLICA
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN
DATA: 6 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B 1.1: Recoñecer características de Deus que lle serven de refuxio e confianza.	B 1.1.1.1: Expresa por diferentes medios o concepto bíblico de Deus como refuxio.
B 2.1: Coñecer a protección de Deus sobre a Biblia ao longo da historia de xeito que reservou a súa formación, desenvolvemento e conservación ata os nosos días.	B 2.1.1.2: Identifica evidencias da protección de Deus sobre a Biblia ao longo da historia.
B 3.1: Investigar sobre Xesús (quen é, cando naceu, onde e como viviu, quen dicía ser, como morreu, onde está agora) consultando diversas fontes bíblicas e extra bíblicas.	B 3.1.1.5: Identifica diferentes profecías do Antigo Testamento referidas a Xesús.
B 4.3: Coñecer as principais características da Reforma Protestante e dos reformadores.	B 4.3.3.1: Coñece e reflexiona sobre distintos momentos, personaxes e situacións na historia da Igrexa universal (avivamentos, persecución, expansión...)
B 5.2: Analizar a obra de Cristo ao noso favor e a importancia da fe.	B 5.2.2.1: Relaciona o pecado como situación de escravitude, coa obra de Xesús de liberación.
B 6.2: Respetar as diferencias individuais e culturais.	B 6.2.2.3: Propón alternativas á resolución de problemas sociais.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: As aprendizaxes desenvolvidas dende a suspensión da actividade lectiva será continua e global acentuando o carácter diagnóstico e formativo de forma que se poidan valorar os avances realizados e os atrasos que se poidan producir para así planificar as medidas de recuperación necesarias e programar o vindeiro curso.</p> <p>As actividades realizadas na fase non presencial terán un valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>O alumnado que non supere a materia, seguirá un programa de reforzo para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas.</p>
	<p>Instrumentos: Xogos interactivos dixitais, actividades dixitais, libros na aula virtual, vídeos,...</p> <p>A avaliación levarase a cabo en base a recompilación dos traballos realizados polo alumnado que entregarán vía correo electrónico.</p> <p>O alumnado que traballe e se esforce subirá a nota nesta terceira avaliación en base a segunda avaliación. O alumnado que non realizou as actividades terá a mesma nota que na segunda avaliación.</p>
Cualificación final	<p>A avaliación e cualificación adaptarase de acordo as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres do curso, non podendo ser inferior a segunda avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non hai</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai alumnado con materia pendente</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Neste terceiro trimestre realizaranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para o alumnado.</p> <p>Esta ampliación das aprendizaxes tomará como referentes os obxectivos e competencias clave necesarias para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p> <p>Na medida do posible, deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, propóranse actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que o alumnado poida continuar o seu itinerario formativo.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p><u>Alumnado con conectividade:</u> Unha vez comunicado ao alumnado como será o procedemento de avaliación, e unha vez comunicado que o traballo do terceiro trimestre, segundo as instrucións da Consellería, terá un carácter de repaso, reforzo e ampliación de aprendizaxes moi concretos, a metodoloxía necesariamente será motivadora a través de actividades globais que integren na medida do posible varias competencias básicas . Ditas actividades estarán na aula virtual do centro.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade:</u> Igual. As actividades propostas faranse chegar a través doutras canles.</p>
Materiais e recursos	Utilización de libros na aula virtual e actividades interactivas creadas con Genially, Kahoot! e con liveworksheets.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información coas familias realízase por medio de Abalar móbil, do correo electrónico facilitado para a recepción dos traballos do alumnado e se fose necesario, realizarase chamadas ás familias.</p> <p>As actividades subiranse a aula virtual do centro</p> <p>Se se realiza unha videoclase farase através da aplicación Cisco Webex.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.